

O SAMAÍN

SAMAÍN, significa "O FIN DO VERÁN E PRINCIPIO DO INVERNO". A súa celebración comezou varios séculos antes de Cristo entre os antigos pobos celtas e chamábase SAMÁN, SAMAÍN ou SHAMHAIN.

A noite do 31 de outubro daba comezo o ano novo celta, que marcaba a fin do tempo das colleitas (o ano vello) e o inicio do inverno (o ano novo). Nesta noite chea de maxia, o pobo celta levaba a cabo unha festa na honra de todos os seus defuntos.

Os celtas pensaban que esa noite se abría unha porta entre o mundo dos vivos e o dos mortos, que os deixaba en comunicación só por unhas horas.

Preparaban alimentos e agasallos para que os defuntos volvesen por unha noite aos seus antigos fogares e convivisen arredor da mesa cos seus familiares e para quentarse ao carón do lume da lareira.

Tamén adoitaban reunirse no camposanto para comer o tradicional porco de SAMAÍN e concelebrar as festas dos guerreiros.

Era a noite máis perigosa do ano, pois ao abrirense as portas do outro mundo as ánimas malvadas tamén podían visitar este mundo para render contas inacabadas.



Para afastar das súas casas as perigosas ánimas, adoítaban pór no alto dos valados ou encastradas nas paredes as caveiras mortas dos inimigos en campaña. Disto vén a tradición de facer caveiras na cortiza dos melóns ou cabazos (calacús, nas Rías Baixas; caveiras de melón, en Cedeira; calabazotes, en Ortigueira; colondros, en Ourense)



O Samáin é o antecedente do Halloween americano. Pénsase que a tradición de orixe europea foi levada polos emigrantes irlandeses a terras americanas no século XIX e comezos do XX, e de aí evolucionar nun entroido outonal.



